

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

- 40** *ORDE APA/4139/2005, do 23 de decembro, pola que se modifica o anexo V do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.* («BOE» 2, do 3-1-2006.)

O Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, incorporou ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, e as modificacións posteriores, a última das cales foi a Directiva 2005/16/CE, da Comisión do 2 de marzo de 2005, pola que se modifican os anexos I a V da Directiva 2000/29/CE do Consello.

Con posterioridade foi modificada pola Directiva 2005/77/CE da Comisión, do 11 de novembro de 2005, pola que se modifica o anexo V da Directiva 2000/29/CE, do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

De conformidade coa habilitación establecida na disposición derradeira segunda do citado deal decreto, mediante a presente orde incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2005/77/CE. Por razóns de seguranza xurídica substitúese completo o punto 2.4. da sección I da parte A do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo V do Real decreto 58/2005.*

O punto 2.4 da sección I da parte A do anexo V do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así

como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, substituirase polo texto seguinte:

«Sementes e bulbos de *Allium ascalonicum* L., *Allium cepa* L. e *Allium schoenoprasum* L., destinados á plantación, e vexetais de *Allium porrum* L., destinados á plantación,

Sementes de *Medicago sativa* L.,
Sementes de *Helianthus annuus* L., *Licopersicon lycopersicum* (L.) Karsten ex Farw. e *Phaseolus* L.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día 1 de maio de 2006.

Madrid, 23 de decembro de 2005.

ESPINOSA MANGANA

- 415** *REAL DECRETO 1557/2005, do 23 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura.* («BOE» 10, do 12-1-2006.)

Mediante o Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura, quedou establecida a normativa zootécnica relativa a estas organizacións e aos requisitos que deben reunir para o seu recoñecemento.

No artigo 3 do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, realízase a atribución de competencias entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas, para o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de cans de razas puras. Da aplicación práctica desta norma derivou que non é necesario reservar unha competencia para o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, dado que non existen intereses contrapostos entre comunidades autónomas, polo que resulta conveniente levar a cabo a modificación do artigo.

Isto fai preciso tamén modificar o contido do citado real decreto e regular o necesario fornecemento de información entre as organizacións e asociacións e as comunidades autónomas, e destas cara ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o que implica a substitución do artigo 6 e a inclusión dun novo artigo 9.

Igualmente resulta procedente incluír un novo artigo 8 relativo á regulación do prototipo racial, tanto para as razas caninas españolas como para as restantes razas, en relación coas solicitudes das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura.

O Real decreto 558/2001, do 25 de maio, incorpora nun anexo a lista de razas caninas españolas cos seus prototipos raciais e faculta o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptar as medidas precisas para a